

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 06.11.2020

Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 6 de novembro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 956 (11/POC-000137)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a fichaxe da exconselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio pola empresa Greenalia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 04.09.2020
- 1.2 2610 (11/POC-000410)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis
Sobre os datos referidos ás iniciativas de rehabilitación de inmobles que se atopan en marcha na actualidade no barrio da Tinería, na cidade de Lugo, as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para a recuperación dos edificios emblemáticos, como o pazo de Dona Urraca ou a Casa-Torre, e a contía total dos investimentos comprometidos, así como sobre a valoración que fai deste tipo de iniciativas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020
- 1.3 2802 (11/POC-000441)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa protección da paisaxe de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020
- 1.4 3662 (11/POC-000593)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación de pasos de peóns e regulación semafórica na estrada AC-546, ao seu paso polas parroquias de Barcala, Corneira e Ordoeste, no concello da Baña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 34, do 22.10.2020

- 1.5 3669 (11/POC-000595)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a xestión da Xunta de Galicia en relación coa contaminación detectada nas augas do río Eume o día 6 de outubro de 2020, os expedientes sancionadores abertos por contaminación desde a creación do parque natural das Fragas do Eume e os plans do Goberno galego para garantir a restauración ambiental do encoro e da súa contorna
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 34, do 22.10.2020

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 1897 (11/PNC-000196)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 6 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impulso da infraestrutura denominada "saída sur de Vigo"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 22.09.2020
- 2.2 3671 (11/PNC-000421)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis
Sobre a asunción pola Xunta de Galicia, como obxectivo estratéxico no novo Plan de vivenda 2021-2025, da redución dos prezos do mercado inmobiliario de alugueiro e o desenvolvemento de todas as medidas que permitan acadar ese obxectivo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 33, do 21.10.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2020



Jesús Vázquez Almuíña

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jesús Vázquez Almuíña

P

Vicepresidente

Ramón Carballo Páez

P

Secretario

Paulo Ríos Santomé

BNG

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

José Manuel Balseiro Orol

P

Xosé Luís Bará Torres

BNG

María Sol Díaz Mouteira

P

Alexandra Fernández Gómez

BNG

Martín Fernández Prado

P

Rubén Lorenzo Gómez

P

Patricia Otero Rodríguez

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.11.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.11.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 956(11/POC-000137)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a fichaxe da exconselleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio pola empresa Greenalia

Publicación da iniciativa, 11, 04.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 11:04:33
Nº Rexistro: 956
Data envío: 27/08/2020 11:04:33.388

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O pasado 10 de febreiro, canda o anuncio do adianto electoral, facíase pública a fichaxe da ex conselleira Beatriz Mato pola empresa Greenalia, unha das xigantes do lobby enerxético-forestal galego. Na práctica, o mesmo que se ficha por ENCE, pois trátase de empresas que realizan o mesmo tipo de actividades extractivas e depredadoras. Iso si, convenientemente maquilladas coa abundante cosmética do “capitalismo verde”.

Con esta decisión pónselle o ramo ao trato de favor da Xunta a Greenalia, no que a consellaría de medio ambiente dirixida por Beatriz Mato tivo un papel estelar. O primeiro chanzo púxose en decembro de 2016 modificando pola porta de atrás (vía lei de acompañamento dos orzamentos), o decreto de 2008 que limitaba a potencia das plantas de produción de enerxía a partir de biomasa a 10 MW, elevando o límite a 50 MW. Unha decisión que tiña como obxectivo principal legalizar a planta que esta empresa promovía en Teixeiro (Curtis), e tamén a impulsada por ENCE, e que viña acompañada doutras modificacións en materia de política forestal e usos do solo para ofrecer unha auténtica barra libre aos cultivos enerxéticos, que se verificou coa expansión de plantacións de *eucaliptus nitens* nos últimos anos.

CSM-REXISTROCGVJus7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 27/08/2020 11:04:33

Nº Rexistro: 956

Data envío: 27/08/2020 11:04:33.388

No ano 2017, a consellaría de medio ambiente dirixida por Beatriz Mato adoptou decisións transcendentais para achandar o camiño á planta de Greenalia en Curtis: primeiro a aprobación da Autorización Ambiental Integrada e máis tarde o informe de impacto ambiental. E os departamentos de Industria e Medio Ambiente tamén facilitaron a tramitación dos parques eólicos de Greenalia en Coristanco, Santa Comba e Carballo, obviando a fraude de lei da fragmentación ou despece en tres dun único proxecto que comparte infraestruturas e liña de evacuación. E se non abundase, o departamento responsábel da protección do medio mirou para outro lado no referente á afectación deste parque ao humidal protexido da lagoa de Alcaián.

Segundo anunciou a Greenalia, a ex conselleira Beatriz Mato encargárase do departamento de Responsabilidade Social Corporativa e da Fundación Greenalia. É dicir, será a responsábel do “lavado en verde” da empresa e dunha actividade como a produción de enerxía a partir de biomasa moi cuestionada polo seu impacto no territorio e no clima. No territorio porque ao non dispoñer de material suficiente de cortas forestais vai ter que queimar grandes cantidades de árbores procedentes de cultivos enerxéticos. No clima porque, debido ao baixo poder calorífico da biomasa, a planta queimarán tamén combustíbeis fósiles e emitirá toneladas de gases de efecto invernadoiro. Un tipo de actividade que non cumpre os requisitos da economía circular e do desenvolvemento sustentábel ao plantar árbores para queimar, depender de custosos e contaminantes transportes por estrada, e ofrecer un negativo balance de carbono.

A operación de porta xiratoria desde o Consello da Xunta -previo paso intermedio pola corporación municipal da Coruña- a unha empresa sobre a que a súa consellaría tomou decisións transcendentais é absolutamente cuestionábel no que ten

CSV REXISTRO: G6VbVus7
Verificación:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 27/08/2020 11:04:33

Nº Rexistro: 956

Data envío: 27/08/2020 11:04:33.388

que ver co cumprimento da normativa sobre incompatibilidades. Mais é sobre todo impresentábel desde o punto de vista da ética e da integridade.

2. Na fichaxe da exconselleira de Medio Ambiente por Greenalia vulnerouse a Lei de transparencia e bo goberno, que establece o seguinte no seu artigo 45, tanto no relativo ao prazo de 2 anos posteriores ao cesamento (o seu cesamento como conselleira produciuse en setembro de 2018) como ao preceptivo informe da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas:

Artigo 45. Limitacións ao exercicio de actividades posteriores ao cesamento

1. Durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolución no exercicio do cargo.

...

4. Durante o mencionado período de dous anos, a que se refire o número 1, estas persoas deberán efectuar, ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, declaración sobre as actividades que vaian realizar, con carácter previo ao seu inicio.

5. Nun mes desde a recepción no Rexistro de Actividades da dita comunicación, o centro directivo competente en materia de función pública deberase pronunciar sobre a compatibilidade da actividade privada que se vai realizar e deberállelo comunicar tanto á persoa afectada coma á entidade en que pretenda prestar os seus servizos. As resolucións que reconozan a compatibilidade con actividade privada serán publicadas no Portal de transparencia e Goberno aberto.

CSV REXISTRO: G6VbVv1s7
Verificación:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 27/08/2020 11:04:33

Nº Rexistro: 956

Data envío: 27/08/2020 11:04:33.388

Recentemente, a empresa Euskatel anunciou a fichaxe de Beatriz Mato como conselleira, cando aínda non se cumpríu o período de 2 anos desde o seu cesamento como conselleira. Aínda que neste caso non parece haber unha relación directa entre o ámbito de decisións da consellaría e a actividade da empresa R, propiedade de Euskatel, sería conveniente un pronunciamento da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas ao respecto.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta na Comisión 2ª:

- Que valoración fai o goberno da fichaxe da exconsellería de Medio Ambiente por unha empresa como Greenalia beneficiada polas decisións desta consellaría?

- Considera o goberno galego que se cumpríu o establecido na Lei de transparencia e bo goberno?

- Que actuacións levou a cabo a Oficina Incompatibilidades e Boas Prácticas ao respecto do paso ao sector privado de Beatriz Mato, nunha empresa directamente relacionada coas súas responsabilidades no goberno?

-Considera o goberno galego que estamos diante dun caso de portas xiratorias?

- Que valoración fai a Xunta de Galiza desta situación desde o punto de vista da integridade e da ética?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2020

CSX4_RFXISTROCGVbVvis7
Verificado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 11:04:33
Nº Registro: 956
Data envío: 27/08/2020 11:04:33.388

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 27/08/2020 11:02:14

Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2020 11:02:17

Alexandra Fernández Gómez na data 27/08/2020 11:02:28

CSV: FEXYSTROQcGvUvUst/
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 06.11.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 2610(11/POC-000410)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis

Sobre os datos referidos ás iniciativas de rehabilitación de inmobles que se atopan en marcha na actualidade no barrio da Tinería, na cidade de Lugo, as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para a recuperación dos edificios emblemáticos, como o pazo de Dona Urraca ou a Casa-Torre, e a contía total dos investimentos comprometidos, así como sobre a valoración que fai deste tipo de iniciativas

Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020

Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Elena Candia López, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Sandra Vázquez Domínguez, Daniel Vega Pérez e Borja Vereá Fraiz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

O Goberno galego está a desenvolver un esforzo técnico e económico importante para revitalizar e mellorar o emblemático barrio da Tinería, emprazado no casco histórico lucense.

Este compromiso tomou especial intensidade na presente lexislatura, coas iniciativas promovidas desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dirixidas á rehabilitación de inmobles e recuperación de espazos urbanos.

Neste momento, hai obras en execución en varios inmobles deste barrio que se transformarán en vivendas de promoción pública e locais a disposición da veciñanza.

Pero tamén está en marcha o programa Rexurbe, cunha oferta pública para adquirir inmobles en estado de abandono ou semi-abandono e diversas iniciativas para a recuperación de edificios emblemáticos emprazados neste espazo como o pazo de Dona Urraca e a Casa Torre (antigo Hospital da San Miguel)

Co obxecto de facer balance destas cuestións, os deputados e deputadas asinantes formulamos as seguintes preguntas:

- 1-) Que investimento achega a Xunta de Galicia nas iniciativas de rehabilitación de inmobles que están neste momento en marcha no barrio da Tinería?
- 2-) Como resultado destas obras, cantas vivendas de promoción pública e locais estarán a disposición da veciñanza?
- 3-) Que outras medidas está a desenvolver o Goberno galego para a recuperación de edificios emblemáticos neste barrio como o pazo de Dona Urraca ou a Casa-Torre?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2020 10:29:54
Nº Registro: 2610
Data envío: 29/09/2020 10:29:54.641

- 4-) A canto ascende os investimentos comprometidos para A Tinería, contabilizando actuacións acabadas e en execución?
- 5-) Que valoración fai o Goberno galego deste tipo de iniciativas de recuperación do barrio?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/09/2020 10:22:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSX, REGISTROgweyKFzjF9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2020 10:29:54
Nº Rexistro: 2610
Data envío: 29/09/2020 10:29:54.641

Martín Fernández Prado na data 29/09/2020 10:23:15

María Elena Candia López na data 29/09/2020 10:23:57

Ramón Carballo Páez na data 29/09/2020 10:24:30

María Sol Díaz Mouteira na data 29/09/2020 10:24:42

Sandra Vázquez Domínguez na data 29/09/2020 10:25:02

Daniel Vega Pérez na data 29/09/2020 10:25:20

Borja Verea Fraiz na data 29/09/2020 10:25:54



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.11.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 2802(11/POC-000441)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa protección
da paisaxe de Galicia

Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2802
Data envío: 01/10/2020 14:19:14.071

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez, Paloma Castro Rey e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A paisaxe é definida polo director xeral de Conservación da Natureza do goberno presidido por Emilio Pérez Touriño como aquel “anaco de territorio que abranguemos cunha soa ollada, pero tamén como “un xeito de mirar o territorio”: constitúe un elemento fundamental da identidade colectiva e da calidade de vida das persoas e por iso debe ser reflexo fiel dun territorio, dun medio ambiente de calidade, dunha sociedade moderna consciente da importancia do seu patrimonio natural e cultural e dunha sociedade en relación harmónica co medio, onde primen o uso racional do territorio, o aproveitamento sustentable dos seus recursos, o desenvolvemento urbanístico respectuoso e o recoñecemento das funcións principais que xogan os ecosistemas naturais.

A aprobación da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia foi de enorme transcendencia, pois converteunos nunha Comunidade Autónoma pioneira, seguindo os pasos de Cataluña e Valencia. A pesares de que o Grupo Popular votara en contra desta lei, o Goberno galego aprobou un regulamento de desenvolvemento, por medio do Decreto 96/2020, do 29 de maio, que entrará en vigor 12 anos despois da lei. Tardará case tanto como en se reunir, por primeira vez dende aquela lei, o Consello Asesor da Paisaxe, con 38 persoas que o constitúen e que se vai encargar de emitir informes de recomendacións non vinculantes.

Xa que logo, o Goberno actual reconece por fin a gran importancia da paisaxe galega, da necesidade de mirar por ela e de protexer os seus elementos, aínda que non sexa favorable á creación dun necesario Observatorio Galego da Paisaxe. Pola contra, este proxecto de regulamento regula con efusividade e con moitas competencias o Instituto de Estudos do Territorio, que descoñecemos se vai afrontar todos estes novos retos, se vai ter algún departamento específico para os temas da paisaxe ou se vai ampliar a súa dotación económica (sobre todo se

CSM-REXISTRO2802nº1W0W19
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2802
Data envío: 01/10/2020 14:19:14.071

temos en conta que, en 2019, o seu orzamento era de 3,129 millóns de euros e, para 2020, só se incrementa en 810.000 euros máis).

Por outra parte, o regulamento é un contenedor xurídico baleiro que se remite a outros instrumentos que a este ritmo non chegarán a desenvolverse nas nosas vidas, e que apenas fala de impulsar unha auténtica e obrigatoria recuperación paisaxística dos espazos degradados -sexa pola actividade mineira ou por calquera outra actividade-, de como facelo, de cando esixilo, de que garantías pedir ou das competencias das persoas responsables dos distintos departamentos da Xunta de Galicia. Nin aborda de maneira suficiente outros temas que están a ter e que van ter no futuro un grande impacto na paisaxe, como os futuros parques eólicos, cada vez máis altos e potentes, ou a proliferación indiscriminada dunha especie forestal como o eucalipto que se caracteriza pola uniformización da paisaxe, dado que carece das variacións estacionais na cor da follaxe que son típicas das especies autóctonas de Galicia e que conforman o fermoso colorido dos territorios do noso entorno no outono e na primavera. Nin aborda o problema dos incendios forestais malia os estragos que están a producir en canto a perda de calidade paisaxística e a destrución do patrimonio natural. Nin tampouco trata coa debida fondura a necesidade de incorporar os temas da paisaxe ao ensino, sobre todo nos ciclos educativos para as nenas e nenos.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que a aprobación da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia foi de enorme transcendencia para o país?
2. Por que tardou 12 anos en desenvolver a lei mediante o correspondente regulamento?
3. Canto estima que vai tardar en desenvolver os instrumentos coma as directrices da paisaxe e outros contemplados no regulamento?
4. Por que o Goberno non é favorable á creación dun Observatorio Galego da Paisaxe e non o contempla no regulamento?
5. Como vai afrontar o Instituto de Estudos do Territorio os novos retos que recolle o regulamento? Vai ter algún departamento específico para os temas da paisaxe? Vai ampliar a súa dotación económica para tal fin?
6. Por que o regulamento non recolle accións e medidas para a corrección paisaxística dos lugares degradados? Por que non considera a proliferación do

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 16:30:00
Nº Registro: 2802
Data envío: 01/10/2020 14:19:14.071

eucalipto como un asunto que afecta a calidade paisaxística? Por que tampouco aborda o problema dos incendios forestais?

7. Por que non trata coa debida fondura a necesidade de incorporar os temas da paisaxe no ensino galego?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández
Patricia Otero Rodríguez
Paloma Castro Rey
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 01/10/2020 14:15:18

Patricia Otero Rodríguez na data 01/10/2020 14:15:28

Paloma Castro Rey na data 01/10/2020 14:15:49

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/10/2020 14:15:56



CSV REGISTROZñy1wQW16

Verificación
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.11.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 3662(11/POC-000593)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación de pasos de peóns e regulación semafórica na estrada AC-546, ao seu paso polas parroquias de Barcala, Corneira e Ordoeste, no concello da Baña

Publicación da iniciativa, 34, 22.10.2020



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A estrada de titularidade autonómica AC-546 é a principal vía de comunicación entre Santiago e a Costa da Morte, unha vía de comunicación que é transitada cada ano por máis de millón e medio de vehículos.

A citada estrada divide á metade as parroquias da Barcala, Ordoeste e Corneira, todas elas pertencentes ao concello da Baña, razón pola que diariamente esa veciñanza, moita de alta idade, ten que cruzar o viario, coa perigosidade que supón ao non existir ningún paso de peóns.

Ao longo dos últimos anos producíronse nese viario varios accidentes graves, con atropelos de veciños, nalgún caso con consecuencia de morte. Non en van, foi incluído pola Dirección Xeral de Tráfico no mapa nacional de tramos máis perigosos.

Os habitantes destas parroquias recolleron sinaturas no ano 2016 demandando unha regulación semafórica, acompañada de paso de peóns, desta estrada de titularidade autonómica para protexerse durante a realización das actividades diarias que os obrigan a cruzar a vía.

Tamén a comezos de 2018 este grupo parlamentario rexistrou unhas iniciativas sumándonos ás reclamacións dos veciños e veciñas sen que o problema estea hoxe solucionado.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan preguntan:

Ten previsto a Xunta de Galicia instalar con carácter urxente pasos de peóns e regulación semafórica no paso da estrada AC 546 polas parroquias da Barcala, Corneira e Ordoeste, do Concello da Baña?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 15/10/2020 16:25:02





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2020 17:43:33
Nº Rexistro: 3662
Data envío: 15/10/2020 17:43:33.627

Patricia Otero Rodríguez na data 15/10/2020 16:25:22

Paloma Castro Rey na data 15/10/2020 16:25:43

CSX, REGISTROLOSPHBD0
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.11.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 3669(11/POC-000595)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a xestión da Xunta de Galicia en relación coa contaminación detectada nas augas do río Eume o día 6 de outubro de 2020, os expedientes sancionadores abertos por contaminación desde a creación do parque natural das Fragas do Eume e os plans do Goberno galego para garantir a restauración ambiental do encoro e da súa contorna

Publicación da iniciativa, 34, 22.10.2020



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Nun comunicado emitido o xoves 8 polo concello de Pontedeume sinalábase que polo menos dende a mañá do día 6 de outubro as augas do río Eume baixan completamente turbias, cunha cor e textura que parece deberse a algún tipo de vertido, feito que foi trasladado inmediatamente a Augas de Galicia. A situación empeorou nos días seguintes, ata prohibirse o consumo de auga nese concello dende o día 10.

A conselleira de Infraestruturas personouse no lugar o martes 13, 7 días despois dos vertidos, para anunciar a instalación dunha barreira anticontaminante no punto de captación das augas para consumo do concello, medida que é vistosa ante a prensa (aparéntase que se fai algo e permítese facer unha foto) pero ineficaz, dado que a barreira é un dispositivo mecánico que pode ser útil para evitar a propagación de fuel –na medida en que o fuel tende a flotar e solidificase- pero non para evitar a contaminación suspendida na auga.

Diversos colectivos ecoloxistas denuncian dende hai moitos anos que os lodos acumulados no fondo do encoro do Eume son un enorme perigo potencial para o parque natural das Fragas do Eume, que é un dos 6 que ten Galicia, así como para unha ría de tan alto valor ecolóxico, pesqueiro, marisqueiro e turístico como a de Ares, dado que poden conter todo tipo de materiais e sustancias tóxicas asociadas a contaminación que vén de augas enriba do encoro, incluíndo as derivadas de décadas de actividade mineira e industrial.

No día de onte a Xunta declarou a situación de “emerxencia”, segundo informou á prensa, coa intención de recuperar a calidade das augas do Eume, ademais de anunciar a creación dunha comisión. A conselleira tamén dixo que a situación lle parecía “intolerable”.

O Concello de Pontedeume denunciou ante a Xunta e o Ministerio de Transición Ecolóxica a situación.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2020 17:47:56
Nº Rexistro: 3669
Data envío: 15/10/2020 17:47:56.136

Por outra banda, o 30 de decembro de 2020 remata o prazo do pacto ambiental asinado pola Xunta da Galicia en 2005 e que inclúe entre os seus obxectivos a modernización das infraestruturas hidroeléctricas para a "recuperación ambiental do río Eume".

Cómpre lembrar que durante as últimas décadas, colectivos ecoloxistas e de pescadores denunciaron reiteradamente o incumprimento da obriga de manter o caudal ecolóxico por parte de Endesa, que mantivo practicamente seco un tramo de 4 quilómetros do río dentro do espazo do parque, ante a pasividade da Xunta. Finalmente, o río Eume non soamente proporciona auga ás poboacións da súa ribeira senón que é esencial como cerne do parque das Fragas do Eume, dado que o principal valor ecolóxico dese parque, segundo tanto publicita a Xunta e a pesar das múltiples agresións que leva décadas sufrindo, é o de ser o bosque atlántico de ribeira mellor conservado de Europa, e un bosque de ribeira dificilmente pode estar ben conservado se o río do que depende está contaminado.

Ante esta situación o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Determinou a Xunta cal é o estado das augas do río augas abaixo do encoro do Eume e as causas dese estado?

2ª) Que medidas adoptou ou vai adoptar para garantir que se normaliza o estado das augas do Eume tanto dende o punto de vista ecolóxico como para o seu consumo?

3ª) Determinou a Xunta que consecuencias ten o estado das augas do Eume para un parque como é o das Fragas do Eume que está conformado en torno a ese río, do que dependen os seus valores ecolóxicos como ecosistema formado polo río e o bosque de ribeira que o rodea?

4ª) Hai algún expediente sancionador en marcha por causa da contaminación do río?

5ª) Abriuse algún expediente sancionador a Endesa dende a creación do parque en 1997 a causa de vertidos ó río ou do incumprimento do caudal ecolóxico.

6ª) Afectan xa ou presentan risco os lodos depositados no encoro do Eume dende o punto de vista do estado ecolóxico do parque ou da saúde das persoas que viven augas abaixo?

CSX4 REXISTROK188F6P64
Verificación
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2020 17:47:56
Nº Rexistro: 3669
Data envío: 15/10/2020 17:47:56.136

7ª) Que plans ten a Xunta para garantir a restauración ambiental do encoro e da súa contorna despois de 60 anos de lucrativa explotación da concesión hidráulica por parte de Endesa?

8ª) Que medidas levou a cabo ou está previsto que leve a cabo Endesa no marco do acordo coa Xunta para restaurar o río Eume?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 15/10/2020 17:15:41

Paloma Castro Rey na data 15/10/2020 17:16:03

Patricia Otero Rodríguez na data 15/10/2020 17:16:12

CSX4REXISTROK188BP6P4
Verificado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.11.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.11.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 1897(11/PNC-000196)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación co impulso da infraestrutura
denominada "saída sur de Vigo"

Publicación da iniciativa, 19, 22.09.2020

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martín Fernández Prado, Elena Candía López, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Daniel Vega Pérez e Borja Vereza Fraiz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de Motivos:

O pasado mes de xullo, o Goberno galego e a Autoridade Portuaria de Vigo remitiron ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana o estudo encargado pola Xunta que acredita a rendibilidade económica e social da Saída Sur de Vigo, así como da conexión do porto de Bouzas, co Corredor Atlántico de Mercadorías.

O obxectivo de compartir as conclusións do citado estudo acreditando a rendibilidade social e económica da dita actuación co Goberno de España é instalo a impulsar esta infraestrutura, aproveitando ademais o financiamento que a Unión Europea destina aos corredores ferroviarios de transporte a través do Mecanismo Conectar Europa.

A–Saída Sur de Vigo supón prolongar quince quilómetros o Eixe Atlántico, desde a estación de Urzaiz ata a liña ferroviaria actual que vai ao sur, coa que conectaría no Porriño. Tamén se inclúe a dotación dun novo ramal, de cinco quilómetros de lonxitude, para unir, de xeito directo, esta prolongación coa terminal de Bouzas.

Esta infraestrutura é determinante para a actividade do Porto e, ademais, permitiría ordenar e racionalizar as liñas e terminais ferroviarias da área de Vigo, onde coexisten dúas estacións que captan tráfico e operan de forma paralela.

Permitiría, en suma, reducir tempos de viaxe e eliminar transbordos, o que redundaría en beneficio da cidade olívica e a súa área de influencia, xa que gañaría en competitividade, o que favorecería o seu desenvolvemento económico.

O Grupo Parlamentario Popular non ten constancia a día de hoxe de que o Goberno central teña respondido á solicitude do Goberno galego nin teña comprometido o seu impulso a unha infraestrutura que, como quedou exposto, é estratéxica para a cidade de Vigo e para toda Galicia.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2020 12:52:57
Nº Registro: 1897
Data envío: 15/09/2020 12:52:57.503

E é por iso que presentamos esta proposición non de lei para o seu debate en **Comisión:**

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o impulso decidido á Saída Sur de Vigo, unha actuación estratéxica que ten acreditada a súa rendibilidade económica e social. A tal efecto, demandarlle o Executivo español un cronograma viable e realista para a tramitación e execución desta infraestrutura”.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/09/2020 12:45:53

Martín Fernández Prado na data 15/09/2020 12:46:16

María Elena Candia López na data 15/09/2020 12:47:04

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 15/09/2020 12:47:19

Ramón Carballo Páez na data 15/09/2020 12:47:31

María Sol Díaz Mouteira na data 15/09/2020 12:47:45

Daniel Vega Pérez na data 15/09/2020 12:47:56

Borja Vereza Fraiz na data 15/09/2020 12:48:36



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](https://www.parlamentodegalicia.gal)



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.11.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 3671(11/PNC-000421)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a asunción pola Xunta de Galicia, como obxectivo
estratéxico no novo Plan de vivenda 2021-2025, da redución
dos prezos do mercado inmobiliario de alugueiro e o
desenvolvemento de todas as medidas que permitan acadar ese
obxectivo

Publicación da iniciativa, 33, 21.10.2020



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2020 17:49:30
Nº Rexistro: 3671
Data envío: 15/10/2020 17:49:30.925

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a disposición da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de incluír no novo Plan de Vivenda 2021-2025 medidas orientadas a intervir e reducir os prezos do mercado inmobiliario de alugueiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de outubro a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda compareceu na cámara galega para anunciar as liñas do próximo Plan de Vivenda para o período 2021-2025. Na súa intervención, a Conselleira anunciou que un dos obxectivos deste Plan era o de fomentar o alugueiro. Non obstante, á hora de relatar as medidas concretas que ía impulsar o novo Plan, non se atopaban entre elas ningunha orientada a facilitar o acceso aos alugueiros.

Na actualidade, o principal problema no acceso á vivenda atópase no aumento desorbitado que sufriron os prezos do alugueiro nos últimos anos. Este aumento xeneralizado dos prezos do aluguer impactou en todo o país, pero con especial incidencia nas áreas máis urbanas. Entre 2014 e 2020 o prezos medios

CSM-REXISTRO06N9iur7FW9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2020 17:49:30
Nº Rexistro: 3671
Data envío: 15/10/2020 17:49:30.925

dos alugueiros incrementáronse entre un 15% e un 20% en Ferrol, Ourense, Santiago, Lugo e Pontevedra, até un 22% en Vigo e un 31% na Coruña.

Segundo os datos do INE, en 2018 o 26,8% dos fogares dedicaban máis dun 30% dos ingresos ao pagamento do aluguer da vivenda principal. Se temos en conta que dende 2018 até a actualidade os prezos do alugueiro nas principais cidades galegas aumentaron entre un 4 e un 11%, podemos deducir que, na actualidade, a porcentaxe de ingresos que dedican os fogares galegos ao pagamento do aluguer poderían ser incluso superiores aos que revelaba o INE para 2018.

Resulta evidente que unha das chaves fundamentais para facilitar o acceso á vivenda debe ser a redución da porcentaxe dos ingresos dedicados ao pagamento do aluguer.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a asumir como obxectivo estratéxico, no novo Plan de Vivenda 2021-2025, a redución dos prezos do mercado do alugueiro e a desenvolver todas aquelas medidas que permitan acadar este obxectivo dando prioridade a:

-Mobilización da vivenda baleira, a través de medidas de presión fiscais sobre os grandes tenedores de vivenda.

CSV: REXISTRO090N9uR7FW9
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2020 17:49:30
Nº Registro: 3671
Data envío: 15/10/2020 17:49:30.925

-Aposta decidida e con recursos suficientes para aumentar o parque de alugueiro público de forma substancial nos próximos anos.

-Estudo e diagnóstico pormenorizado das variacións dos prezos no mercado inmobiliario de aluguer e as súas causas.”

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 15/10/2020 17:39:33

Paulo Ríos Santomé na data 15/10/2020 17:39:40

CSV: REXISTROq0n9uR7FW9
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2020 17:49:30
Nº Registro: 3671
Data envío: 15/10/2020 17:49:30.925

Xosé Luis Bará Torres na data 15/10/2020 17:39:49

CSV, REGISTRO de Galicia
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

